

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE FEBREIRO DE 2016

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1146/2015.- JOSÉ ENRIQUE CASAL GAREA.- Conceder a licenza para executar as obras de ampliación de fachada e modificación de cuberta dun inmovible sito en Travesía de Teo nº 6.

LIC/1459/2015.- JOSÉ MANUEL POSE RODRÍGUEZ.- Conceder a licenza para rehabilitación dun edificio para 2 apartamentos turísticos na rúa do Pombal nº 1.

LIC/1532/2015.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS.- Conceder a licenza para executar as obras de reforma para instalación dun ascensor nun inmovible sito na rúa Doutor Maceira nº 8.

LIC/1428/2015.- CONSTRUCCIONES Y REHABILITACIONES VIDALCON, S. L.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación/consolidación da cuberta dun inmovible sito na rúa Tras San Fiz de Solovio nº 3.

LIC/230/2015.- AMALIA CARBALLEIRA AGRA.- Aceptar a cesión e viais formalizada en escritura e conceder a licenza para derruba e posterior construción dunha vivenda unifamiliar adosada en rúa da Muíña nº 23.

LIC/936/2015.- PROVISAN COMPOSTELA, S.L.- Conceder a licenza para a execución de tres vivendas unifamiliares na rúa Virxe de Fátima nº 6, 8 e 10.

LIC/1679/2015.- FERNANDO JOSÉ CASTAÑO BASCOY.- Conceder a licenza para executar as obras de rehabilitación de planta primeira e baixo cuberta e reforma de cuberta e arranxo de fachada dun inmovible sito na rúa do Franco nº 8 Esc 01 001 A.

LIC/1498/2015.- AUTOMÓVILES LOUZAO, S. L.- Conceder a licenza para executar as obras de peche e pavimentación dunha parcela sita na Avda. Cruceiro da Coruña nº 181 A.

SEGREGACIÓNS.-

LIC/31/2016.- JOSÉ VILAS COTÓN.- Conceder a licenza de segregación solicitada dunha parcela sita no lugar de Sabugueira – Carballal.

LIC/1625/2015.- RUBÉN VAAMONDE OTERO.- Conceder a licenza de segregación solicitada dunha parcela sita no lugar de Folgoso nº 20.

LIC/1398/2015.- JUAN JOSÉ MOURULLO PEDROSA.- Conceder a licenza de parcelación e segregación solicitada dunha parcela sita na rúa das Barreiras nº 9.

LIC/1717/2015.- PROVISAN COMPOSTELA, S. L.- Autorizar ao interesado para as operacións de división e posterior agregación de dúas parcelas en rúa Virxe de Fátima nº 6.

EXECUCION DA SENTENCIA DITADA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 399/2013, ESTIMATORIA DO RECURSO PRESENTADO CONTRA A DECLARACIÓN DE RUÍNA ECONOMICA NA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA TRAVESA Nº 24 – 26 - 28.-

LIC/411/2011.- CELSO MIRANDA MARTINEZ.- Declaración da ruína do inmovible sito na rúa Travesa nº 24 -26 – 28.

CORRECCIÓN DE ERRO.-

LIC/213/2010.- MANUEL RODRÍGUEZ QUEIJO.- Corrixir o erro padecido no acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xaneiro de 2016, polo que se concedeu licenza para reposición da legalidade e terminación da rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na Ruela de Conxo de Arriba nº 2, mantendo as mesmas condicións fixadas no devandito acordo.

PRÓRROGA.-

LIC/1677/2015.- LUCIA NOYA REY.- Conceder a prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de outubro de 2012 para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Insuas nº 1.

INCOACIÓN DE EXPEDIENTES ADMINISTRATIVOS SANCIONADORES, NOMEAMENTO DE INSTRUTORA DO PROCEDEMENTO, ORDENAR O PECHE CAUTELAR DOS LOCAIS E CONCEDER AOS INTERESADOS UN PRAZO DE AUDIENCIA PARA QUE ALEGUEN O QUE ESTIMEN OPORTUNO.-

DIS/42/2016.- JOSÉ ANGEL GONZÁLEZ ÁLVAREZ E VANESSA MILLÁN LLOVES (DISCOTECA METRÓPOLIS).- Incoar expediente administrativo sancionador, nomear instrutora do procedemento, ordenar o peche cautelar do local durante a tramitación do expediente sancionador e conceder aos interesados un prazo de audiencia de 15 días para que poidan presentar alegacións e propor proba referente ao local sito na rúa Santiago de Chile nº 15 – Baixo (Discoteca Metrópolis).

DIS/43/2016.- CELESTINO FERROL PAZOS E JOSÉ REGUEIRO LOPEZ (DISCOTECA APOLO) .- Incoar expediente administrativo sancionador, nomear instrutora do procedemento, ordenar o peche cautelar do local durante a tramitación do expediente sancionador e conceder aos interesados un prazo de audiencia de 15 días para que poidan presentar alegacións e propor proba referente ao local sito na rúa Santiago del Estero nº 8.

DEVOLUCIÓNS DE FIANZAS.-

LIC/1831/2015.- GOYANES SANTISO, S. L.- Acceder á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno local de 1 de decembro de 2015 para a derruba de dúas edificacións na rúa Pitelos nº 18, 19 e 20 por importe de 2.500 €.-

LIC/138/2016.- FRANCISCO JAVIER GONZALEZ BUDIÑO.- Acceder á devolución das fianzas depositadas en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xuño de 2008 para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa do Castiñeiriño nº 41, por importes de 5.000 € (aval pola execución das obras de urbanización) e 1.500 € (aval por posibles danos en bens e servizos públicos).

LIC/110/2016.- MANUEL RODIS MARTINEZ, autorizado por D. JESÚS MALLOU NOYA.- Acceder á devolución dos avais presentados por don Jesús Mallou Noya no expediente LIC/1147/2004, por importes de 600 € e 2.000 €, a solicitude de don Manuel Rodís Martínez.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de ampliación de fachada e modificación de cuberta dun inmovible sito en Travesía de Teo nº 6. LIC/1146/2015. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de rehabilitación dun edificio para 2 apartamentos turísticos na rúa do Pombal nº 1. LIC/1459/2015. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de reforma para instalación dun ascensor nun inmovible sito na rúa Doutor Maceira nº 8. LIC/1532/2015. Apróbase a proposta.

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de rehabilitación/consolidación da cuberta dun inmovible sito na rúa Tras San Fiz de Solovio nº 3. LIC/1428/2015. Apróbase a proposta.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á aceptación da cesión e viais formalizada en escritura e conceder a licenza para derruba e posterior construción dunha vivenda unifamiliar adosada en rúa da Muíña nº 23. LIC/230/2015. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para a execución de tres vivendas unifamiliares na rúa Virxe de Fátima nº 6, 8 e 10. LIC/936/2015. Apróbase a proposta.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para as obras de rehabilitación de planta primeira e baixo cuberta e reforma de cuberta e arranxo de fachada dun inmovible sito na rúa do Franco nº 8 Esc 01 001 A. LIC/1679/2015. Apróbase a proposta.

9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para obras de peche e pavimentación dunha parcela sita na Avda. Cruceiro da Coruña nº 181 A. LIC/1498/2015. Apróbase a proposta.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para segregación dunha parcela sita no lugar de Sabugueira - Carballal. LIC/31/2016. Apróbase a proposta.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza para segregación dunha parcela sita no lugar de Folgoso nº 20. LIC/1625/2015. Apróbase a proposta.

12.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de licenza de parcelación e segregación dunha parcela sita na rúa das Barreiras nº 9. LIC/1398/2015. Apróbase a proposta.

13.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á autorización para as operacións de división e posterior agregación de dúas parcelas en rúa Virxe de Fátima nº 6. LIC/1717/2015. Apróbase a proposta.

14.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á declaración da ruína do inmovible sito na rúa Travesa nº 24 -26 - 28. LIC/411/2011. Apróbase a proposta.

15.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 8 de xaneiro de 2016, polo que se concedeu licenza para reposición da legalidade e terminación da rehabilitación dunha vivenda unifamiliar sita na Ruela de Conxo de Arriba nº 2, mantendo as mesmas condicións fixadas no devandito acordo. LIC/213/2010. Apróbase a proposta.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á concesión de prórroga da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 4 de outubro de 2012 para a construción dunha vivenda unifamiliar en lugar de Insuas nº 1. LIC/1677/2015. Apróbase a proposta.

17.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa a incoar expediente administrativo sancionador, nomear instrutora do procedemento, ordenar o peche cautelar do local durante a tramitación do expediente sancionador e conceder aos interesados un prazo de audiencia de 15 días para que poidan presentar alegacións e propor proba referente ao local sito na rúa Santiago de Chile nº 15 - Baixo (Discoteca Metrópolis). DIS/42/2016. Apróbase a proposta.

18.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa a incoar expediente administrativo sancionador, nomear instrutora do procedemento, ordenar o peche cautelar do local durante a tramitación do expediente sancionador e conceder aos interesados un prazo de audiencia de 15 días para que poidan presentar alegacións e propor proba referente ao local sito na rúa Santiago del Estero nº 8. DIS/43/2016. Apróbase a proposta.

19.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á devolución da fianza depositada en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno local de 1 de decembro de 2015 para a derruba de dúas edificacións na rúa Pitelos nº 18, 19 e 20. LIC/1831/2015. Apróbase a proposta.

20.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á devolución das fianzas depositadas en garantía da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 30 de xuño de 2008 para a construción dunha vivenda unifamiliar na rúa do Castiñeiriño nº 41. LIC/138/2016. Apróbase a proposta.

21.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á devolución dos avais presentados por don Jesús Mallou Noya no expediente LIC/1147/2004, a solicitude de don Manuel Rodís Martínez. LIC/110/2016. Apróbase a proposta.

22.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade, relativa á aprobación inicial da modificación puntual do PERI-2 (Conxo de Arriba) no ámbito da AEI-E, e outros extremos. Apróbase a proposta. A modificación propón

cambios na disposición dos volumes edificables, con sinalamento de novas aliñacións e rasantes e con reordenación dos espazos libres públicos resultantes.

23.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito a Vivenda e Mobilidade e da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á aprobación do Proxecto de Aplicación de Medidas Correctoras para o Estadio de San Lázaro segundo o Estudio Integral de Patoloxías. Fases I e II. Apróbase o proxecto, que contempla a colocación dunha liña de vida permanente na cuberta, a eliminación de elementos corroídos para evitar riscos de caída e posibilitar accesos seguros (varandas nos soportais elevados, escaleiras e elementos de acceso ás torres de iluminación, etc.), colocación de goretóns nos ocos de fachada, reparación da canle perimetral de recollida de augas na cuberta, reparación de xuntas lonxitudinais e transversais dos taboleiros de cuberta, e reparación dos desprendementos de material e das fisuras de oxidación das armaduras nos elementos estruturais en contacto co exterior. O orzamento total das obras é de 728.276,23 euros, IVE incluído.

24.- Proposta da Alcaldía para dar conta da sinatura de convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade de Santiago de Compostela relativo a tramitación e concesión do Premio de Ensaio e Creación Audiovisual Xohana Torres. Dáse conta.

25.- Proposta da Alcaldía relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o Concello e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas académicas externas extracurriculares dos estudantes da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos. Apróbase a proposta.

26.- Proposta da Alcaldía relativa ao nomeamento de representante na fundación do padroado do Museo da Casa da Troia. Apróbase o nomeamento da concelleira de Acción Cultural, Branca Novoneyra, como representante no padroado do Museo Casa da Troia.

27.- Propostas da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa a denegación de axudas de carácter social. Apróbase a proposta.

28.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á aprobación do Plan de Control Tributario para o exercicio 2016. Apróbase a proposta.

29.- Transmisión da licenza de taxi número 32, da titularidade de D. Juan Janeiro Corral, a favor de D. Manuel Pallas Muiño. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Aprobación da apertura de prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula no seminario de música tradicional da Escola Municipal de Música para o curso escolar 2016-2017. Apróbanse os seguintes prazos:

_O alumnado actual do centro debe facer a preinscrición en Iniciación Musical II entre o 14 e o 18 de marzo. O sorteo realizarase o 30 de marzo

_O alumnado actual que queira renovar a súa praza no Seminario de Música Tradicional debe inscribirse do 23 ao 30 de maio

_O novo alumnado debe preinscribirse do 6 ao 20 de xuño. Se hai máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo o 23 de xuño. Despois do período de alegacións, o prazo de matrícula será do 11 ao 22 de xullo. Se quedaran prazas vacantes abriríase unha segunda quenda de inscrición do 27 ao 31 de xullo.

O prezo de matrícula será de 59,50 euros, e establécense contas mensuais de 53,50 euros

2.-Aprobación da apertura de prazos de reserva de praza, solicitudes de admisión e matrícula na Escola Municipal de Música para o curso escolar 2016-2017. Apróbanse os seguintes prazos:

_O alumnado actual que queira cursar Iniciación Musical II debe preinscribirse do 14 ao 18 de marzo, e farase un sorte público de prazas o 30 de marzo.

_O alumnado actual de Música e Movemento, Plan Educativo Xeral e Plan Educativo para Alumnos debe renovar a praza do 7 ao 15 de abril

_O novo alumnado debe preinscribirse do 2 ao 20 de maio. No caso de haber máis solicitudes que prazas realizarase un sorteo público o 26 de maio. Despois da exposición da lista de admitidos e do período de alegacións, o prazo de matrícula será do 10 ao 22 de xuño. Se quedan prazas vacantes abrirase unha nova quenda de matrícula do 1 ao 31 de xullo.

O prezo de matrícula será de 59,50 euros. As cotas mensuais serán de 35,65 euros no caso de Música e Momevento; 53,50 nos cursos completos de especialidade instrumental; 42,80 euros

para Práctica instrumental e actividades instrumentais de conunto; e 35,65 no caso da Formación musical complementaria á práctica instrumental.

3.-Recoñecemento de obrigas en relación a obras de mantemento e reparacións no ámbito da cidade histórica. Apróbase o recoñecemento, por un total de 25.192,47 euros.

4.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social, o Concello de Santiago e a Fundación “La Caixa” para o desenvolvemento do programa CaixaProinfancia. Apróbase a sinatura do convenio, que ten como obxectivo favorecer a creación dun ámbito estable de cooperación, con obxectivo de favorecer as competencias dos nenos e nenas para mellorar a súa inclusión social, promover o desenvolvemento social e educativo dos e das menores no seu contexto familiar, escolar e social; e desenvolver un modelo de acción social e educativa integral que contribúa a mellorar as oportunidades de desenvolvemento social e educativo das nenas e nenos.

5.-Aprobación do convenio coa Dirección Xeral de Tráfico para a cesión de instalacións ao Concello de Santiago. Apróbase o convenio polo que a DXT lle cederá ao Concello as instalacións da súa propiedade que foran colocadas por dito organismo no ano Xacobeo 2010 para mellorar a seguridade viaria. Estes equipos consisten en 8 matrices Leds e 4 cámaras de televisión.

6.-Aprobación do inicio do expediente de contratación para a Prestación do servizo de limpeza e desinfección de dispositivos de auga quente sanitaria e auga fría de consumo humano para o control e prevención da contaminación por lexiónela nas instalacións deportivas municipais por procedemento aberto e tramitación ordinaria. Acórdase iniciar ese expediente a anular o que prevía contratar ese servizo polo procedemento negociado sen publicidade.

7.-Aprobación da modificación das melloras comprometidas no contrato de prestación do servizo de conservación e mantemento do parque de Brandía, reservado a centros especiais de emprego. Apróbase a modificación, para substituír as especies de plantas previstas para o parque.

8.-Aprobación da proposta de modificación da distribución horaria no contrato administrativo e de servizos para a organización e realización de actividades de educación medio ambiental e o programa de actividades do Centro de Interpretación do Medio Urbano e Natural de Santiago de Compostela así como a realización das funcións de atención ao público e visitas guiadas.